



NOTIFICACIÓN

Expediente	2021013866	
Asunto	Notificación nomeamento procedemento libre designación	

Con data de 23/09/2021 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“O día 11/08/2021 esta Concellería aprobou as bases reguladoras para a provisión, polo procedemento de libre designación, de varios postos de traballo vacantes, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP 109, do 11 de xuño). Posteriormente efectuouse a publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG 135 do 16 de xullo)

O día 06/08/2021 rematou o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria tendo entrada no Rexistro Xeral as seguintes:

Entrada	Nome e apelidos	DNI
36755 20/07/21	Carmen Casal Fraga	***1176**
37602 26/07/21	José Ángel Lamas Serén	***2703**
38427 02/08/21	Joaquín Martínez Cubero	***3291**
38915 04/08/21	Juan Manuel Prieto Picos	***1475**
39202 05/08/21	María Sicre Romero	***6999**
39269 05/08/21	Hortensio David Miguez Fuentes	***5789**
39293 05/08/21	M Iria Buján Vázquez	***3485**
39403 06/08/21	Ana Elisa Quindós Lindín	***2063**
39609 06/08/21	Araceli Mira García	***5930**
39622 06/08/21	Juan Esteban Méndez Leiva	***4302**

Como consecuencia da aprobación, polo Concello Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2012, dunha modificación da Relación de Postos de Traballo para o ano 2012 (BOP núm. 33 do 16 de febreiro) fíxose necesario efectuar unha adaptación da relación de postos de traballo á nova situación, modificando a denominación e organización dalgúns servizos. Nos documentos que forman parte do expediente, consta informe da Xefatura de RRHH onde se recollen as características dos postos creados e un resumo das funcións inherentes aos mesmos.

En base ao mesmo, procédese a fundamentar a proposta de nomeamento en consonancia coas funcións propias do posto de traballo, a avaliación despois do análise da documentación aportada coas solicitudes presentadas e as entrevistas realizadas o 2 de setembro.

02.02.01 Xefatura de Servizo de Facenda e Patrimonio

A candidata proposta é funcionaria de carreira, Técnico Superior de Administración Xeral A1 no Concello de A Coruña, na actualidade ocupa o posto en comisión de servizos da Xefatura de Sección no Concello de Ferrol.

Queda acreditada, na documentación aportada, a súa experiencia laboral tanto no departamento de Facenda e Xestión de Tributos, como no de Patrimonio no Concello de A Coruña.

Achega xustificantes de asistencia a distintos cursos relacionados coa materia propia das tarefas a desenvolver no posto.

02.03.02 Recadador/a

O candidato proposto é funcionario de carreira, do Corpo Técnico de Facenda grupo A2; licenciado en ciencias económicas, acredita unha ampla formación en temas relacionados coa xestión tributaria e os procedementos de recadación, así como experiencia na xestión de tributos municipais dende o ano 2008.

02.04.01 Xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Emprego

O candidato proposto é licenciado en dereito e funcionario de carreira no Concello do Barco de Valdeorras (técnico de Administración xeral A1), na actualidade ocupa, en comisión de servizos, a xefatura de sección de contratación no Concello de Ferrol.

Tense en conta a súa experiencia tanto en materia de persoal como a derivada do desempeño accidental das funcións de intervención e de secretaría, o que resultará de utilidade nun servizo que, por unha banda, xestiona todo o gasto do capítulo I coa tarefa de elaborar os cadros de persoal e plantilla que constan como anexo no documento orzamentario; e, pola outra, tramitar expedientes de contratación de servizos e subministrados relacionados coa xestión de persoal - prevención, cursos de formación vixilancia da saúde, EPI... -Cabe destacar tamén a súa experiencia na tramitación de expediente xudicializados en relación á reclamacións retributivas, servizos previos, etc.

Xunta coa súa solicitude acredita formación específica con materias relacionadas co posto (prevención de riscos laborais, contratación de persoal, procedementos de consolidación de emprego e funcionarización ...)

03.04.01 Xefatura de Servizo de Contratación

A candidata proposta é funcionaria de carreira do Concello de Ferrol (técnica de Administración Xeral A1). Acredita experiencia como técnico de contratación tanto en Ferrol como, anteriormente, no Concello de Arteixo así como no sector privado. Na actualidade ocupa o posto da xefatura en comisión de servizos trala xubilación do titular; durante os anos 2018 a 2020 ocupou o posto da xefatura de sección no mesmo departamento.

Ademais da experiencia laboral, acredita unha ampla formación en materia de contratación pública local.

04.01.01 Xefatura de Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude

A candidata proposta é licenciada en dereito, funcionaria de carreira do Concello de Ferrol no que veu a ocupar dende o ano 2012 distintas xefaturas e, na actualidade ocupa en adscrición provisional a xefatura de servizos de Benestar, Igualdade e Xuventude.

Anteriormente desempeñou postos de traballo reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter estatal e directamente relacionados coas funcións do posto a cubrir.

Ten experiencia na xestión e execución de políticas sociais e proxectos de integración social, así como un amplo coñecemento na tramitación de subvencións.

Xunto coa súa solicitude achega xustificación da formación en materia propia do departamento.

05.01.01 Xefatura de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo

O candidato proposto é licenciado en dereito, funcionario de carreira do Concello de Ferrol (Técnico de Administración xeral A1) dende o ano 1991 data dende a que veu ocupando postos de xefatura en distintos departamentos. Dende outubro de 2019 ocupa, en comisión de servizos, o posto ao que opta.

A súa experiencia, tanto nesta área, como nas áreas nas que exerceu as súas funcións con anterioridade acredita a súa idoneidade para ocupar o posto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas pola Alcaldía-Presidencia, propono o seguinte:

*Primeiro.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de dona Carmen Casal Fraga (**1176**), funcionaria de carreira do Concello de A Coruña, para o desempeño do posto de Xefa do Servizo de Facenda e Patrimonio do Concello de Ferrol.*

Segundo.- Solicitar ao Concello de A Coruña o informe ao que fai referencia a base terceira das que regulan esta provisión.

*Terceiro.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de don José Ángel Lamas Serén (**2703**), funcionario do Corpo Técnico de Facenda, para o desempeño do posto de Recadador do Concello de Ferrol.*

Cuarto.- Solicitar ao departamento de Recursos Humanos da Axencia Tributaria o informe ao que fai referencia a base terceira das que regulan esta provisión.

*Quinto.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de don Hortensio David Míguez Fuentes (**5789**), funcionario de carreira do Concello de O Barco de Valdeorras, para o desempeño do posto de Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Emprego do Concello de Ferrol.*

Sexto.- Solicitar ao Concello de O Barco de Valdeorras o informe ao que fai referencia a base terceira das que regulan esta provisión.

*Sétimo.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de dona Ana Elisa Quindós Lindín (**2063**), funcionaria de carreira do Concello de Ferrol, para o desempeño do posto de Xefa do Servizo de Contratación do Concello de Ferrol.*

*Oitavo.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de dona María Iria Buján Vázquez (**3485**), funcionaria do Concello de Ferrol, para o desempeño do posto de Xefa do Servizo de Benestar Social, Igualdade e Xuventude do Concello de Ferrol.*

*Noveno.- Efectuar o nomeamento, polo procedemento de libre designación, de don Joaquín Martínez Cubero (**3291**), funcionario do Concello de Ferrol, para o desempeño do posto de Xefe do Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo do Concello de Ferrol.*

Décimo.- Publicar o anuncio deste nomeamento no BOP, a partir desta data contarán os prazos para o correspondente cese e toma de posesión.

Así o manda e asina a Concelleira Delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación,

de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral